

ESPANHA EMPREGOU ARMAS QUÍMICAS CONTRA CIVÍS!!!!



Un libro publicado hai uns anos en Alemaña proba que o Exército español lanzou armas químicas á poboación do Rif

Sobre a conciencia do Exército Espanhol recae a responsabilidade de empregar por primeira vez gas ,despois da I Guerra Mundial e do Reino Unido en Iraq no 1919, dende avións contra a poboación civil, campesiños do Rif, que declaraban no 1923 república islámica independente do resto de Marrocos.

Os habitantes do Rif, desas terras inhabitábeis non aceptaban o protectorado espanhol no norte nin o francés no sur de Marrocos.

O lendario Abd el-Krim, que tan bravamente loitara contra as forzas coloniais ao principio da década dos vinte, só se lle puido someter regando as súas aldeas con armas químicas, cun gas venenoso, que afectaba á pel e as súas vías respiratorias e contaminaba o medio ambiente.

Ademais, dise que Francisco Franco non foi o heroe da guerra de África, cuxo falso prestixio militar valeulle o mando no pronunciamento do 1936 contra a República, si non cómplice directo do xenocidio se, dadas as súas funcións no Exército de África, tivo coñecemento das matanzas de gas no Rif.

O xefe de departamento de gas das forzas armadas de Alemaña lembraba aínda no

1938, cando a Alemaña de Hitler estaba metida no apoio á Espanha de Francona Guerra Civil, que o fin do conflito colonial en Marrocos na década anterior fora posíbel porque as armas químicas arroixadas dende avións contami-

naban as aldeas da rexión montañosa do Rif, poñendo así fin a resistencia dos seus habitantes.!!

Os suministros de gas venenoso concertáronse a través da Embaixada espanhola en Berlín. Acordouse un envío de un gas coñecido como "Cruz amarela" que os alemáns transportarían ata Málaga, onde se faría cargo delas o exercito espanhol.

Esta indigna cooperación secreta militar hispano-alemana, anterior a chegada de Adolf Hitler ao poder, pero que foi preludio da posterior colaboración que fixo posíbel o envío a Franco de avións para cruzar o estreito, tivo entón o apoiadas principais potencias coloniais europeas, incluídas Francia e Gran Breta-

ña.

Un alto comisario francés en Marrocos calificou a pretensión de Abd el -Krim de establecer unha república islámica no Rif como " a maior ameaza para a civilización e paz de Occidente", a que se debía facer fronte calquera prezo, é dicir, empregando armas químicas.

O goberno de Londres, ante o risco de que a rebelión do rifenho puidera estender o fundamentalismo islámico a Exipto e a outros territorios árabes sometidos ao dominio británico, deu por bo o suministro de gas venenoso alemán ao exercito espanhol violara o Tratado de Versalles, que prohibía terminantemente o emprego de armas químicas, tras a súa utilización na Primeira Guerra Mundial.

Pero no momento que, por exemplo, a Guerra do Golfo sementaba a barbarie e inxustiza ao mundo, aquela conducta inhumana do militarismo prepotente debe servir para avivar sensibilidades pacifistas. O belicismo desenfreado non respecta as máis elementais barreiras morais e conduce a esos crimes horribles.

En Decembro do 1924, o cónsul alemán en Tetúan informaba que os bombardeos con gas venenoso tería éxito para acabar reducindo aos árabes (non dicía aos beréberes rifeños, si non que xeralizaba!!) sempre que se poida seguir ocultando a opinión pública mundial o procedemento que se estaba empregando.!!

CADA VEZ FAISE MAIS PATENTE QUE OS PAISES OCCIDENTAIS TEÑAN UNHA DOBLE MORAL PARA XUSTIFICAR OS SEUS MASIVOS BOMBARDEOS AEREOS NESTA CONTENDA DESENCADEADA PARA LIBERAR PAISES ORIENTAIS , PERO NA QUE O FIN NON XUSTIFICA OS MEIOS!!

ZelTia 1ºbac B

